



C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

**BASES DA CONVOCATORIA DA XI EDICIÓN PREMIO DE POESÍA
MANUEL LUEIRO REY**

1.- O Concello de Fornelos de Montes, para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega, convocan a XI edición do PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY.

2.- Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, cos seus poemas escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente.

Non poderán obter a condición de beneficiarios dos premios as persoas en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

Quedan expresamente excluídas desta convocatoria aquelas persoas que non se atopen ao corrente nas súa sobrigas tributarias co Concello de Fornelos de Montes, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia.

Os beneficiarios están suxeitos ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da LXS.

3.- Os poemarios aspirantes ao premio serán de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos e máxima de 800. Deberán ser orixinais e estar inéditos na súa totalidade, condición que se estende ao soporte dixital.

4.- As persoas participantes deberán enviar seis exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao seguinte enderezo:

XI PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY
Concello de Fornelos de Montes
Praza da Igrexa, 1
36847 – Fornelos de Montes (Pontevedra)

5.- Nas obras concursantes deberán aparecer escrito con claridade o título e unha lenda. Xunto cos exemplares incluírase un sobre pechado no que figurará no exterior “XI premio de poesía Manuel Lueiro Rey”, o título e a lenda, e no seu interior a ficha de participación, acompañada da fotocopia do DNI do autor ou autora, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.



C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

6.- Estas bases enviáranse a Base de Datos Nacional de Subvencións, publicárase un extracto no BOP de Pontevedra e tamén se publicarán na web do Concello e no taboleiro de anuncios. O prazo de recepción iniciárase dende o día seguinte da publicación destas bases no BOP ata o día 30 de novembro de 2022.

7.-A dotación do premio, único e indivisible, que será de 2.500 euros, con cargo á partida 334.48 do orzamento do Concello de Fornelos de Montes, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión.

De conformidade co regulado no artigo 56.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, a concesión deste premio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión do premio.

Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao premio que en ningún caso comportarán dotación económica, pero que serán recomendados á editora para a súa posible publicación.

8.-O xurado será designado polo Concello de Fornelos de Montes e estará formado por cinco especialistas vinculados á poesía e/ou á crítica literaria e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Fornelos de Montes. A composición do xurado farase pública, na web do Concello e no taboleiro de anuncios, cando remate o prazo de admisión de orixinais.

O xurado terá plena competencia para aplicar e interpretar as presentes bases e as súas decisións serán inapelables.

9.-O veredicto será dado a coñecer na primeira quincena do mes de xaneiro de 2023 directamente ao gañador ou gañadora e a través dos medios de comunicación.

O órgano competente para outorgar este premio será a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde en virtude do Decreto de Alcaldía de 21 de xuño de 2019, que adoptará o acordo nos termos do artigo 25 da LXS. A resolución de concesión porá fin á vía administrativa.

Da resolución darase publicidade nos termos do artigo 18 da LXS.

A entrega do premio terá lugar, nun acto público no Centro Multiusos do Concello de Fornelos de Montes no mes de setembro. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras ou autores nas dependencias do Concello de Fornelos de Montes no prazo dun mes a contar a partir da data do veredicto do xurado.



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

Con carácter previo ao pago do premio, o beneficiario deberá presentar no Rexistro do Concello certificado da conta bancaria na que se realizará o ingreso así como acreditar que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

10.-O Premio inclúe, ademais, a publicación da obra gañadora en Edicións Xerais de Galicia. O Concello de Fornelos de Montes resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada en todas as linguas do Estado. Nese sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría. De existir posteriores edicións deberase facer constar que a obra recibiu o XI PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY.

11.-A participación nesta convocatoria implica a aceptación plena das bases.

Documento asinado dixitalmente ao marxe

O alcalde

Emiliano Lage Rodríguez



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

**XI EDICIÓN PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY
FICHA DE PARTICIPACIÓN**

TÍTULO DO TEXTO:

LENDA:

NOME E APELIDOS DO AUTOR DO TEXTO:

DNI:

DATA DE NACEMENTO:

TELÉFONO:

ENDEREZO POSTAL:

CORREO ELECTRÓNICO:

**XUNTO CON ESTA FICHA DEBE ACHEGARSE COPIA DO DNI DO
AUTOR DO TEXTO, ASÍ COMO UN PEQUENO CURRÍCULO
LITERARIO, NO CASO DE TER OBRA PUBLICADA**

O interesado, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, manifesta, baixo a súa responsabilidade que:

1.- De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non está incurso en ningún dos supostos que impidan obter a condición de beneficiario.

2.- Comprometese a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao procedemento.

3.- O texto presentado cumpre os requisitos especificados nas bases do XI edición Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey.

_____, ____ de _____ de _____

Asinado:



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)
